



# DE CEDEIRA AO MONTE TARROIBA

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 14 km en coche e 10 km a pé  
**Dificultade:** media



Punta Ardillosa

Un percorrido de interese paisaxístico, ecolóxico e xeolóxico, que combina desprazamentos en coche e camiñadas para coñecer e impresionarse coa fachada atlántica da costa de Cedeira. Uns 9 km de ida máis 6 de volta, en coche, e 10 km a pé



Vista desde o monte Tarroiba sobre os cantís e a serra da Capelada



## PERCORRIDO

Sáímos de Cedeira seguindo os indicadores do castelo e a capela de san Antón de Corveiro

Se non o coñecemos podemos facer o desvío ao castelo para gozar da panorámica da ría, pero é máis doado achegarse a el desde o porto de Cedeira subindo as escaleiras que hai ao fondo da explanada.

Na capela facemos a primeira parada e temos o primeiro punto panorámico no que sobresa a punta Chirlateira, pero a vista acaba tamén a punta Frouxeira e o cabo Prior; e cara ao norte os primeiros cantís na punta Carreiro. Seguindo pola estrada que vai entre árbores pouco podemos ver, pero a uns 2 km atopamos á esquerda un escaso alargo, ao pé do arranque dun camiño que se bifurca a dereita e esquerda, no que podemos deixar o coche e prepararnos para unha camiñada, polo camiño da dereita, curta pero intensa (2 km ida e volta), de baixada na ida e, polo tanto, costa arriba para volver, para achegarnos á punta Ardillosa desde a que imos descubrir cantís de máis de 100 m, fermosas formas nas rochas e panorámicas da costa: ao sur, entre a nosa posición e a punta Chirlateira, e ao norte ata a punta Felgueira. Logo a estrada sepárase da costa para, pasado Trasmonte, enlazar coa estrada de Cedeira a Candieira pola que continuamos ata a canteira (abandonada) do Purrido, onde volvemos a deixar o coche e botamos a andar, tanto para percorrer a contorna da canteira e ter as vistas da costa, como para achegarnos ao miradoiro e ao faro (4 km ida e volta) (hai sinais prohibindo o paso de vehículos), e para subir ao monte Tarroiba (pouco máis de 3 km ida e volta) para o que sae un camiño desde mesmo enfronte da entrada da canteira que en canto se mete entre as árbores vira á esquerda para continuar, xa sen perda e sempre en subida, ata o cume do monte. Pasada a metade do traxecto, preto de onde a conducción eléctrica do faro cruza o camiño, hai un saínte rochoso desde o que temos unha fermosa vista do faro e a súa contorna, e da estrada para chegar a el. O monte Tarroiba ofrece panorámicas tanto da costa como do interior, a máis impresionante e a dos cantís que van gañando altura entre Teixido e a Vixía Herbeira, para continuar pola punta do Cadro ata o Limo, pero tampouco son menos interesantes as vistas da serra da Capelada e do val do río Condomiñas en case toda a súa extensión.



Porto de Cedeira



Pregues nas rochas do porto de Cedeira



Castelo da Concepción na punta Sarridal



Punta Sarridal e porto de Cedeira





Punta Sarridal



Faro na punta Sarridal



Miradoiro na punta Sarridal



Castro na punta Sarridal. Restos dun balneario castrexo



Capela de San Antonio de Corveiro e miradoiro



Punta Falcoeira




Punta Carreiro e As Brancas





Punta Folgoso desde a punta das Mestas

As cabras fan  
equilibrios entre os  
bloques de rochas que  
se desprenden das  
paredes dos cantís



Puntas Montegordo e Folgoso desde a punta das Mestas



As da Salsa desde punta Ardillosa

Rochas erosionadas  
na punta das Mestas



Punta Ardillosa





Punta Felgueira desde a punta Ardilosa



Puntas Sain e Felgueira desde a punta Ardilosa




Canteira do Purrido, de interese polas rochas e polas vistas



Punta Agudela ou do Fuciño desde o miradoiro do Purrido



Punta Cadieira ou Candeeira



O Frontón de punta Cadieira



Monte Tarroiba



Punta Tarroiba desde a punta Balteira